

RESUMO EXECUTIVO

O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO.



**A SORORIDADE ENTRE MULLERES IMPULSA
O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS**



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

➤ O último Informe sobre o traballo das ONG de Desenvolvemento galegas que elaboramos dende a Coordinadora Galega de ONGD destaca **o papel fundamental que xogan as mulleres no eido da cooperación ao desenvolvemento**. Elas son o **71% do persoal contratado**, o **70% do voluntariado** e o **62% das persoas asociadas**.

➤ Tamén **son mulleres o 63% das 376.365** persoas cuxas condicións de vida melloraron grazas aos **68 proxectos** desenvolvidos en 2020 polas ONGD galegas en **22 países**, cun orzamento total de **10,2 millóns de euros**.

En 2020, as ONGD galegas contribuíron a mellorar as condicións de vida de **376.365 persoas** en **22 países de América Latina, África e Asia**. Impulsaron **68 proxectos** cun custe total de **10,2 millóns de euros** que tiñan por obxectivo garantir dereitos básicos como a **saúde** e a **educación**, así coma fortalecer a defensa dos **dereitos humanos**. A rexión de **Centroamérica e o Caribe** acolleu o 50% dos proxectos e máis dun 60% dos fondos investidos.

No **Informe sobre o traballo das ONG de Desenvolvemento galegas** destacamos que o **63% das persoas beneficiadas polo traballo das ONGD son mulleres** e que a metade dos proxectos orientaron de xeito directo algunha das súas accións á mellora da calidade de vida das mulleres. Ademais, as **ONGD galegas contan cunha alta presenza de mulleres na súa estrutura**. As mulleres representan o 62% das persoas socias, o 70% do voluntariado e o 71% do persoal contratado. O 64% dos postos de coordinación e dirección técnica dos equipos están ocupados, tamén, por mulleres. **O traballo das ONGD galegas nace do impulso da sororidade entre mulleres diversas para construír un mundo máis xusto para todas**.

Outro dos aspectos destacados é **o impacto da Covid**. Durante o 2020, as ONGD galegas reforzaron a súa actividade en acción humanitaria e axuda de emerxencia, unha liña de acción que no informe anterior, de 2018, ocupaba a décima posición en canto aos esforzos investidos polas organizacións e que no 2020 sube ata a quinta, **cun 13% de proxectos orientados a dar resposta ás crises humanitarias**. Desenvolvéronse un total de 8 proxectos nesta área, 6 dos cales estiveron directamente orientados a paliar os efectos da COVID-19 en países empobrecidos e beneficiaron a preto de 80.000 persoas. Así mesmo, un dos sectores prioritarios de intervención dos proxectos foi **o sector saúde (cun 32% dos proxectos centrados neste eido)**.

Estes datos amosan **a importancia das ONGD na loita contra os problemas globais**, como é a pandemia sanitaria, apostando por eliminar as fendas de desigualdade que existen na xestión destas crises entre os países empobrecidos e enriquecidos.

A COOPERACIÓN GALEGA NO MUNDO

PALESTINA

- 1 proxecto
- 184.349,5 €
- 23.500 persoas beneficiarias

MEDICOS DO MUNDO

REPÚBLICA DOMINICANA

- 9 proxectos
- 1.531.449 €
- 86.267 persoas beneficiarias

Balms
Agencia de Cooperación
Agencia de Cooperación
Agencia de Cooperación
Agencia de Cooperación

MÉXICO

- 1 proxecto
- 40.000 €
- 480 persoas beneficiarias

entreculturas

GUATEMALA

- 12 proxectos
- 2.194.715,3 €
- 10.774 persoas beneficiarias

entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas

EL SALVADOR

- 3 proxectos
- 714.787,72 €
- 85.250 persoas beneficiarias

AGARSO

HONDURAS

- 5 proxectos
- 999.698,81 €
- 6.161 persoas beneficiarias

Solida
Solida
Solida
Solida
Solida

NICARAGUA

- 5 proxectos
- 1.074.722,71 €
- 16.201 persoas beneficiarias

Amigos de Tereza
Amigos de Tereza
Amigos de Tereza
Amigos de Tereza
Amigos de Tereza

COLOMBIA

- 2 proxectos
- 36.967 €
- 228 persoas beneficiarias

Balms

SERRA LEOA

- 1 proxecto
- 186.100 €
- 16.557 persoas beneficiarias

MEDICOS DO MUNDO

BOLIVIA

- 4 proxectos
- 856.795,36 €
- 24.288 persoas beneficiarias

MEDICOS DO MUNDO

VENEZUELA

- 1 proxecto
- 3.146,23 €
- 500 persoas beneficiarias

COOPERACIÓN CUMVE

PERÚ

- 5 proxectos
- 1.040.245,92 €
- 6.461 persoas beneficiarias

entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas

VARIOS PAÍSES

- 1 proxecto
- 78.997,95 €
- 9462 persoas beneficiarias

FARMA MUNDO

CAMERÚN

- 1 proxecto
- 10.122 €
- 1.500 persoas beneficiarias

COOPERACIÓN CUMVE

R. DEMOCRÁTICA DO CONGO

- 1 proxecto
- 27.115 €
- 110 persoas beneficiarias

Balms

MALAUI

- 1 proxecto
- 57.891,79 €
- 814 persoas beneficiarias

entreculturas

ALXERIA

- 1 proxecto
- 97.650 €
- 1.800 persoas beneficiarias

SEM SOLIDARIDAD

QUENIA

- 2 proxectos
- 61.409,79 €
- 22.389 persoas beneficiarias

FARMA MUNDO

MOZAMBIQUE

- 1 proxecto
- 114.992,42 €
- 80 persoas beneficiarias

MEDICOS DO MUNDO

BANGLADESH

- 1 proxecto
- 40.000 €
- 880 persoas beneficiarias

educo

INDIA

- 7 proxectos
- 556.877,89 €
- 59.860 persoas beneficiarias

entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas
entreculturas

68
proxectos

22
países

376.365
persoas beneficiarias (63% mulleres; 36% homes)


10.165.675 €
orçamento

A rexión de Centroamérica e o Caribe foi a de maior presenza de proxectos das ONGD galegas: o 75% das organizacións con proxectos no exterior traballaron nestes países, 5 de cada 10 proxectos executáronse nesta rexión, á que se destinou un total de 6,6 millóns de euros. A rexión de América do Sur é a segunda de maior peso cun 19% dos fondos, seguíndolle o continente africano (cun 8%) e o asiático (cun 6%). Por último, en 2020 destinouse un 1% do orzamento total á rexión do Medio Oriente.

Esta distribución xeográfica garda unha estreita relación coa **experiencia histórica das organizacións galegas en América Latina**, contando actualmente cunha importante especialización nesas rexións o que é, sen dúbidas, unha das fortalezas do sector. Esta focalización está influída, de xeito máis xeral, polas orixes da cooperación no conxunto do Estado xa que tradicionalmente comezouse a traballar nese continente debido aos vínculos culturais.

A NATUREZA DOS FONDOS RECIBIDOS

EVOLUCIÓN DOS FONDOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGAS, 2016-2020



No ano 2020, as ONGD galegas ingresaron **un total de 14,3 millóns de euros dos que un 48% procedían de fondos públicos e un 52%, de fondos privados**. Non todos eses fondos se adicaron a desenvolver accións de cooperación ao desenvolvemento ou de acción humanitaria en países empobrecidos, senón que tamén se empregaron en proxectos de acción social ou de educación para o cambio social no noso país. De aí a diferenza cos 10,2 millóns de euros analizados polo miúdo no informe.

Polo que respecta aos **fondos privados**, o informe salienta que o **80% proceden de persoas particulares**. Neste sentido, evidencia que as organizacións que posúen unha maior independencia dos fondos públicos son, sobre todo, as grandes entidades con presenza a estatal e internacional que contan cunha base social moi ampla que coas súas achegas supón máis do 80% do orzamento total das entidades. O que amosa, tamén, **a importancia dos fondos públicos para o funcionamento e o traballo das ONGD pequenas e medianas**. É dicir, aquelas con menos capacidade de poñer en marcha grandes campañas de captación de fondos ou de persoas socias.

Polo que respecta aos **fondos públicos**, percíbese un **incremento notable do peso da Xunta de Galicia** (3 de cada 4 euros recadados polas ONGD a través de administracións públicas procedía do goberno autonómico galego). **Aínda que esta recuperación da axuda oficial ao desenvolvemento da administración galega é inferior ao ritmo de crecemento medio do resto de comunidades autónomas**. En 2021, a Xunta de Galicia destinou o 0,06% do seu orzamento total consolidado á axuda oficial ao desenvolvemento, fronte ao 0,12% da media autonómica.

A administración xeral do Estado tamén incrementou notablemente a súa achega no período analizado, mentres que **as administracións locais galegas** mantiveron unha tendencia ao estancamento. A política pública local de cooperación ao desenvolvemento que desenvolven os entes locais galegos é débil, especialmente ao comparala coa doutros territorios do Estado. Dende hai uns anos percíbese que algunhas administracións locais están traballando para mudar esta situación. É o caso, por exemplo, do Concello de Lugo, da Deputación da Coruña, do propio Fondo Galego de Cooperación e, máis recentemente, do Concello de Vigo ou da Deputación de Pontevedra.




AS ENTIDADES GALEGAS

A Coordinadora Galega de ONGD é unha plataforma plural e heteroxénea que cumpriu en 2021 tres décadas de traballo en prol dun mundo máis xusto. Das 43 entidades que actualmente formamos parte da plataforma, a metade naceron en Galicia e están asentadas, principalmente, no noso país. Sen embargo, tamén hai ONGD con delegacións en moitas comunidades do Estado e organizacións internacionais con sedes en moitos outros países.


En 2021, as ONGD analizadas contan con **51 sedes repartidas polo conxunto do territorio galego**. Ao igual que acontece coa poboación de Galicia, o Eixe Atlántico concentra a maioría das sedes co **86 % delas situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra**, e o 78 % delas nas cidades de Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra.”

SEDES DAS ONGD GALEGAS



O LABOR DAS MULLERES NAS ONGD GALEGAS

No 2021,
son mulleres o...



O informe abunda no trascendental papel que desenvolven as mulleres na cooperación internacional galega. Pódese falar **dun sector altamente feminizado en todos os ámbitos, agás nos cargos de máxima representación** nas directivas das ONGD, eido no que ao longo dos últimos anos aumentou un 10% o número de mulleres, **situándose actualmente no 54%**, aínda lonxe das porcentaxes de participación como socias, voluntarias ou persoal contratado. Unha fenda de xénero que se debe reverter.

En relación con isto as diferenzas entre mulleres e homes en canto ás condicións laborais son lixeiramente máis favorables para elas, sendo maior a porcentaxe de mulleres con contratos indefinidos e con xornadas completas. Con todo, **a temporalidade e a parcialidade no sector son elevadas**, o que podería provocar certas dificultades para exercer unha carreira profesional a longo prazo. A mellora das condicións laborais nas ONGD é un tema que precisa de atención no curto e medio prazo. O sector debe traballar internamente na procura de solucións que permitan desenvolver carreiras profesionais de longo percorrido.